




C.E.P.  
PLURILINGÜE  
DE  
RIOMAIOR



**Plan de traballo  
benestar e convivencia**

Curso 2023-2024





## Contido

<b>1. INTRODUCCIÓN .....</b>	<b>3</b>
<b>2. ANÁLISE DO CONTEXTO .....</b>	<b>6</b>
<b>3. OBXECTIVOS E INDICADORES .....</b>	<b>8</b>
<b>4. PROCEDIMENTO DE SEGUIMENTO .....</b>	<b>12</b>

## PLAN DE TRABAJO DA COORDINADORA DE BENESTAR E CONVIVENCIA

### 1. INTRODUCCIÓN

Este plan de traballo nace ao abeiro da **orde do 23 de agosto de 2023** pola que se establece a figura da persoa coordinadora do benestar e convivencia e basease na seguinte lexislación:

**A Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio**, de educación, na redacción dada pola **Lei orgánica 3/2020, do 29 de decembro**, establece no seu artigo 124.5 os requisitos e as funcións que debe desempeñar o coordinador ou a coordinadora de benestar e protección( termo que muda a “benestar e convivencia”).

**A Lei orgánica 8/2021, do 4 de xuño**, de protección integral á infancia e á adolescencia fronte á violencia. No artigo 35.1 refírese á obrigatoriedade de que todos os centros educativos onde cursen estudos persoas menores de idade deben ter unha coordinadora ou un coordinador de benestar e protección do alumnado. Así mesmo, no artigo 35.2 sinala que as administracións educativas competentes determinarán os requisitos e funcións que debe desempeñar a coordinadora ou o coordinador de benestar e protección e determinarán se estas funcións deben ser desempeñadas por persoal xa existente no centro escolar ou por novo persoal. Nesta mesma lei orgánica establécese que todos os centros

educativos elaborarán un plan de convivencia, de conformidade co artigo 124 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, entre cuxas actividades se incluírán a adquisición de habilidades, sensibilización e formación da comunidade educativa, promoción do bo trato e resolución pacífica de conflitos polo persoal do centro, o alumnado e a comunidade educativa sobre a resolución pacífica de conflitos.

**Decreto 8/2015, do 8 de xaneiro** polo que se desenvolve a **Lei 4/2011, do 30 de xuño**, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar, sinala no seu artigo 10.1 que o proxecto educativo de cada centro docente incluírá un plan de convivencia que recolla e desenvolva os fins e principios establecidos no artigo 3 da lei e os regulados nas leis orgánicas sobre a materia. O dito plan integrará o principio de igualdade entre mulleres e homes e establecerá as necesidades, obxectivos, directrices básicas de convivencia e actuacións, incluíndo a mediación na xestión dos conflitos, e conterá actuacións preventivas, reeducadoras e correctoras.

A **Orde do 17 de xullo de 2007** establece que a persoa dinamizadora da convivencia coordinará a mellora do clima escolar, a través da función tutorial propoñendo accións cooperativas, e asesorará o resto do profesorado na inclusión de dinámicas de aula, que propicien a mellora da convivencia e a resolución pacífica de conflitos.

Tal e como se recolle na **Estratexia Galega de Convivencia Escolar 2025**, é moi importante investir tempo e esforzo en educación emocional, pois sen un bo clima de aula e sen cohesión de grupo, o proceso de ensino e aprendizaxe complícase. Recolle a mellora da coordinación do benestar e protección do alumnado sinalando que, a través da figura da persoa que exerza a dita coordinación nos centros educativos, se establecerán os mecanismos necesarios para unha maior coordinación en materia de educación emocional, de xeito que se converterá nun referente para apoiar o labor do profesorado ante posibles casos de violencia no propio centro ou na súa contorna.

Tendo en conta que as funcións da persoa coordinadora de benestar e protección establecidas na **Lei orgánica 8/2021, do 4 de xuño**, xa viñan sendo realizadas nos centros docentes da Comunidade Autónoma galega a través do desenvolvemento do Plan de convivencia, co apoio da dinamización de convivencia, é preciso acomodar esta nova figura ao marco normativo do sistema educativo galego. Así, baixo a denominación de **persoa coordinadora de benestar e convivencia** regúlase a figura que asume as funcións de coordinación de benestar e protección e de dinamización de convivencia.

Vemos necesario que nos colexios nos preocupemos ao igual que nas empresas privadas do benestar emocional dos compoñentes da comunidade educativa, sendo a



Educación Emocional a chave para este benestar e a mellora da convivencia.

Dende a pandemia vimos pasando por unha serie de situacións relacionadas con cadros de ansiedade, agresividade...e a consellería está moi implicada nese aspecto.

Coidamos que a aplicación da xunta é moi intuitiva e valiosa e poñerémola en practica. A Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades publicou o **Plan de Benestar Emocional**, para acompañar á comunidade educativa para que poida ser quen de decidir como afrontar este reto colectivo do coidado emocional cunha proposta de intervención e apoiarnos nesta tarefa.

## 2. ANÁLISE DO CONTEXTO

O CEP PLURILINGÜE DE RIOMAIOR é un centro de Educación Primaria de 12 mestres e 105 alumnos/as, situado na enseada de San Simón, entre Vigo e Pontevedra, aínda que por distancia está moi preto temos a dificultade de non dispor dun servizo de transporte que comunique o noso pobo coas cidades de mais poboación.

Isto repercute no alumnado e nas familias xa que á hora de acceder a actividades extraescolares, deportivas,

culturais... téñense que limitar so as facilitadas pola escola e asociacións de veciños do concello.

Vimos observando que as familias están pasando por xornadas maratonianas de traballo e sobre todo as nais manifestan nas titorías que están desbordadas e psicoloxicamente afectadas pola carga que senten repercute nelas.

Podemos diferenciar entre :

➤ Convivencia entre o alumnado.

A convivencia está bastante ben como así o reflicten os delegados e mediadores na reunión do mes de outubro

A tarefa dos delegados e mediadores é inconmensurable xa que este alumnado axuda moito a tomar a temperatura do alumnado en canto a convivencia se refire. Nembargantes de cando en vez se producen algunha incidentes entre compañeiros onde deben intervir os mestres

➤ Convivencia entre o profesorado. A principio de curso existe sempre un período de adaptación moi complicado para o novo profesorado que ten que adaptarse aos espazos, ritmo de traballo e metodoloxía moi innovadora. Derivado desta situación poden xurdir algúns malentendidos que se superan unha vez se falan e se toman novas

decisións. Falta tempo de convivencia en común, agás cando se tratan temas profesionais.

Por outra banda o profesorado está sometido a moita presión burocrática

- Convivencia entre o profesorado e familias. Un dos obxectivos deste curso é mellorar a convivencia entre as familias e a escola aproximando o centro ás familias e abrindo portas cada vez mais a comunidade.

Debemos mencionar a comisión de convivencia, que nace dentro do seo do consello escolar e que actúa cando é necesario, e incluso poden os delegados e mediadores representar ás aulas para expoñer como está a convivencia nas clases o que ten unha dobre lectura, por unha banda examina realmente a convivencia e por outra unha practica para o alumnado de falar en publico e servir de interlocutor nas reunións de adultos e representantes da escola

### 3. OBXECTIVOS E INDICADORES

OBXECTIVOS	INDICADORES
Fomentar o uso de métodos alternativos de resolución pacífica de conflitos.	O alumnado é capaz de resolver os conflitos de forma pacífica



<p>Aumentar o benestar persoal fundamental para aumentar o benestar común (sociedade-familias-equipo docente-alumnado)</p>	<p>Cada membro da comunidade educativa identifica o seu DAFO.</p>
<p>Proporcionar estratexias e ferramentas para afrontar diferentes situacións, realizadas por parte do equipo docente co asesoramento do Dpto. De orientación e/ou coordinadora de benestar e convivencia.</p>	<p>O alumnado aplica estratexias e ferramentas para afrontar diferentes situacións.</p>
<p>Informar á comunidade educativa dos protocolos de prevención e protección de calquera forma de violencia.</p>	<p>A comunidade educativa é coñecedora dos distintos protocolos do centro, en canto a prevención e protección de calquera forma de violencia.</p>
<p>Promover plans de formación en materia de prevención , detección precoz e protección da</p>	<p>O alumnado reconece situacións de violencia.</p>

<p>infancia e adolescencia e a adquisición , por parte do alumnado de habilidades para detectar e responder a situacións de violencia.</p>	
<p>Seguir promovendo actividades encamiñadas a unha alimentación saudable e nutritiva como centro distinguido co selo de vida saudable</p>	<p>O alumnado distingue unha dieta saudable.</p>
<p>Coidar con esmero e cumprir a lei de protección de datos persoais dos menores de idade.</p>	<p>A comunidade educativa é coñecedora da lei de protección de datos.</p>
<p>Coordinarse co departamento de orientación para promover medidas que garantan o máximo benestar do alumnado e a cultura do bo trato.</p>	<p>Recoñecemos as medidas que nos permiten o máximo benestar e a cultura do bo trato.</p>
<p>Promover actividades que desenvolvan valores democráticos de</p>	<p>O alumnado é capaz de resolver os conflitos de forma dialogada.</p>

convivencia negociación e diálogo e cultura de paz	
Deseñar programas facilitadores de detección de dificultades de convivencia e relación.	A comunidade educativa identifica problemas de convivencia e relación.
Realizar probas sinxelas, como sociogramas, para anticiparse aos conflitos, analizando as relacións entre o alumnado de cada aula.	Admitimos que a utilización de probas como o sociograma permítenos analizar as relacións entre o alumnado.
Fomentar o respecto polo alumnado con discapacidade ou calquera circunstancia de vulnerabilidade ou diversidade.	Todas as persoas respectamos aos demais independentemente da súa condición.
Colaborar cos servizos sociais do concello.	O centro mantén unha reunión ao trimestre cos servizos sociais
Promover a participación das familias.	Porcentaxe de familias que participan co centro. As familias mostran unha

	actitude positiva na colaboración co centro.
Desenvolver actividades de formación de familias coordinados coa ANPA.	A comunidade educativa é coñecedora das actividades promovidas desde o centro.

#### 4. PROCEDIMIENTO DE SEGUIMIENTO

Para desenvolver o seguimento farase a través da persoa coordinadora do benestar e convivencia en colaboración coa dirección do centro e co servizo de orientación.

Velarase para que a través da paxina web do centro <https://www.edu.xunta.gal/centros/cepriomaior/>

se expoñan todos aqueles protocolos relacionados coa convivencia e benestar.

Reunións mensuais cos delegados e mediadores para palpar de primeira man a convivencia da aula

Convocar a reunión de coordinación de convivencia do consello escolar

Enquisas ao final de curso

#### 5. IDEAS PARA POÑER EN PRÁCTICA



- ✓ Charlas de profesionais sobre temas de interese das familias previa consulta a través de Google Forms
- ✓ Talleres de costura
- ✓ Clases de zumba a través da ANPA
- ✓ Invitar ás familias as actividades de magosto, samaween, festas temáticas, Nadal...
- ✓ Charlando en familia
- ✓ Contacontos
- ✓ Actividade “Eu sei...”papiroflexia, maxia, perruquería, coser...
- ✓ Invitación a participar nos talleres de cociña, repostería, judo, masaxes.....